

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de novembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local en funcións, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 4/453 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de xuño de polo que se outorgaba a licenza urbanística para segregación de parcelas para vivendas unifamiliares illadas na parcela 34B do Sunp Norte I (Saamasas) (exp. 2022/Y005/000010).

2. XESTIÓN.- Acórdase o pago do prezo xusto dos bens e dereitos afectados polo expediente de "Expropiación forzosa por Ministerio de Lei da parcela sita na rúa Doutor Xermán Alonso Hortas, 14, Lugo", expediente número 2021/000166 do xurado de expropiación de Galicia.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de produtos de limpeza e produtos varios para as instalacións deportivas do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C004-000020.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de produtos químicos do mantemento da auga das piscinas municipais do concello de Lugo. apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C004-000028.

Así mesmo, acórdase a validación do gasto relativo aos recibos da comunidade de propietarios do complexo inmobiliario anvaso, no Polígono da Louzaneta, correspondente ás cotas do cuarto trimestre de 2024 e atrasos do exercicio anterior, dos terreos números 1 e 5.

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta “As Pedreiras”, exp. ref. 2020-C005- 000008, polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025, exp. 2020/C005/000008.

4. PERSOAL.- Acórdase a permuta entre unha policía do Concello de Lugo e un policía do Concello de Moaña.

Tamén se acorda o recoñecemento do grao persoal nivel 20, a favor dun funcionario de carreira desta corporación como policía local, e percepción dos importes correspondentes ao dito nivel.

5. FOMENTO.- Acórdase aprobar un modelo normalizado de convenio a través do cal se canalizarán, salvo excepcións xustificadas, as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Municipal ano 2024.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar o escrito presentado no que solicita a anulación da liquidación provisional 12127600, alegando que a devandita liquidación é errónea, debido a que xa se aboaron os importes correspondentes ao imposto sobre construcións, instalacións e obras mediante o pagamento de autoliquidación referente ao expediente anterior 118/19, polas mesmas obras.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández

